

2021  
convocatoria


Bioloxía e CC. da Saúde

Ciencias Técnicas

Química e Xeoloxía

CC. Económicas e Sociais

Matemáticas, Física e CC. da Computación



# Medallas de Investigación da REAL ACADEMIA GALEGA DE **CIENCIAS**



**RAGC** / REAL ACADEMIA  
GALEGA DE **CIENCIAS**

Un dos principais obxectivos da Real Academia Galega de **Ciencias** (RAGC) é a promoción da Ciencia e a Tecnoloxía en Galicia, tratando de transmitir á sociedade o aprecio polos valores científicos. Para recoñecer publicamente traxectorias senlleiras en investigación, a RAGC convoca as “**Medallas de Investigación da Real Academia Galega de Ciencias**” identificadas con científicas ou científicos de gran relevancia, fundadores da RAGC ou elixidos como “Científicos do ano”.

## BASES

1. Convócanse as “Medallas de Investigación da Real Academia Galega de Ciencias” para recoñecer a traxectoria consolidada de científicas e científicos en activo, desenvolvida maioritariamente en Galicia.
2. Outorgaranse 5 medallas á investigación, unha por cada unha das **5 Seccións da RAGC**.
  - Medalla “Ánxeles Alvariño González”, no ámbito de Bioloxía e CC, da Saúde.
  - Medalla “Isidro Parga Pondal”, no ámbito das Ciencias Técnicas.
  - Medalla “Antonio Casares Rodríguez”, no ámbito de Química e Xeoloxía.
  - Medalla “Domingo García-Sabell Rivas”, no ámbito das CC. Económicas e Sociais.
  - Medalla “Enrique Vidal Abascal”, no ámbito de Matemáticas, Física e CC. da Computación.
3. As propostas poderán ser presentadas por 10 profesores ou por Departamentos, Institutos ou Centros de Investigación de Galicia, podendo ser avaladas conxuntamente por máis dunha entidade. Asemade, no caso de falta de propostas, as seccións da Academia poderán propoñer candidaturas.
4. Na proposta incluírase un documento de ata 4 páxinas onde se describa a traxectoria investigadora así como un *Currículum vitae* abreviado (CVA) da candidata ou candidato. Valoraranse particularmente tres dimensións: a) A contribución á creación de coñecemento, por medio de publicacións en libros e revistas; b) A capacidade de formación, especialmente de doutoras e doutores, e a creación de liñas de traballo e de escola de investigación; c) O impacto, considerando a transferencia dos resultados, o liderado en proxectos e redes españolas e internacionais e a inserción na sociedade científica internacional.
5. O prazo da convocatoria comprende entre o 28 de xuño ata o 10 de setembro de 2021. Remítanse á RAGC por correo electrónico á dirección: [ragciencias@ragc.gal](mailto:ragciencias@ragc.gal), indicando no tema: “Medallas de Investigación da RAGC”.
6. Cada unha das Seccións da RAGC seleccionará ata 3 candidatas ou candidatos, correspondendo a elección final á Xunta de Goberno. O premio poderá declararse vacante en calquera das seccións, pero non poderá ser compartido.
7. As premiadas e os premiados recibirán sendas medallas acreditativas que serán entregadas nun acto público a celebrar o día 8 de outubro, Día da Ciencia en Galicia.